

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 21, 1-14

Naquel tempo, aparecéuselles outra vez Xesús ós seus discípulos onda o lago de Tiberíades. Foi deste xeito: estaban xuntos Simón Pedro, Tomé o chamado Xemelgo, Natanael o de Caná de Galilea, os do Zebedeo, e mais outros dous discípulos seus. Simón Pedro díxolles:

– «Vou pescar.»

Eles contestaron:

– «Imos tamén nós contigo.»

Saíron, e subiron a bordo. Pero aquela noite non colleron nada. Xusto cando acababa de romper o día, presentouse Xesús na ribeira do lago. Pero non se decataron os discípulos de que era Xesús.

Xesús preguntoulles:

– «Rapaces, ¿tedes algo que comer?»

Eles responderon:

– «Non.»

Díxolles entón:

– «Largade o aparello por estribor e atoparedes.

Eles largárono, e xa non podían halalo a bordo, de tanto peixe. Entón, aquel discípulo a quen amaba Xesús díxolle a Pedro:

– «É o Señor.»

Entón Simón Pedro, o escoitar que era o Señor, cinguiu o vestido -pois estaba espido- e botouse ó mar.

Os outros discípulos chegaron no bote, -porque non estaban lonxe de terra senón a menos de cen metros-, remolcando o aparello cos peixes.

Cando vararon en terra, viron que había unhas brasas cun peixe enriba, e mais pan.

Xesús díxolles:

– «Traede peixes dos que acabades de coller.»

Simón Pedro subiu ó bote e arrastrou para terra o aparello cheo de cento cincuenta e tres peixes grandes; e, con seren tantos, non rachou o aparello.

Xesús díxolles:

– «Vinde comer.»

Ningún dos seus discípulos se atrevía a preguntarlle “ti quen es”, sabedores de que era o Señor. Foi Xesús, colleu o pan e déullelo, e igualmente o peixe.

Esta foi a terceira vez que Xesús se manifestou ós seus discípulos resucitado de entre os mortos.